



BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS EN MATERIA DE INTERNACIONALIZACIÓN EMPRESARIAL, RESOLUCIÓN DO 6 DE XULLO DE 2026, PUBLICADA NO DOG Nº 125 DE 7 DE XULLO DE 2026

ACTA 3

DESTINOS PROVISIONAIS DAS BOLSAS E ENTREVISTA PERSOAL

De conformidade có establecido nas bases da convocatoria e atendendo á necesidade de axilizar o máximo posible o proceso de selección

O COMITE DE SELECCIÓN INFORMA QUE

1. Publícase como anexo a este acta o listado provisional de destinos das bolsas no estranxeiro xunto coa súa dotación mensual bruta. Este listado de destinos é provisional e polo tanto susceptible de sufrir modificacións.
2. Infórmase a todos os solicitantes da bolsa que poderán presentar as súas preferencias de destinos estranxeiros. Recoméndase que a listaxe sexa o máis extensa posible e **deberá achegarse ao expediente a través da oficina virtual do Igape antes do 10 de setembro.**

Conforme ao establecido no artigo 13 das bases, o Igape terá en conta ditas preferencias, na medida do posible, á hora de facer a asignación de destinos.

3. Os destinos en Galicia non se asignarán ata que os bolseiros acepten a bolsa concedida e coñeceranse no último trimestre do ano.
4. Unha vez rematado o prazo de solicitudes contactarase cos candidatos para fixar a data da entrevista. Soamente accederán á entrevista aqueles candidatos que cumpran cós requisitos mínimos da bolsa, quedando pendente a realización da proba de inglés se é o caso.

As entrevistas realizaranse a partir do 4 de setembro e serán en formato online.

No caso de alegacións á lista provisional que publique o Igape que supoñan que a persoa solicitante modifique a súa condición de non apto a apto, o Igape proporá unha data para realizarlle a entrevista á dita persoa solicitante.

En Santiago de Compostela, na data da firma electrónica.

A subdirectora do Área de Internacionalización do IGAPE

Placeres Conde Suárez



ANEXO: DESTINOS PROVISIONAIS DA BOLSA E DOTACIÓNS MENSUAIS BRUTAS

Destinos provisionais*	Dotación mensual bruta**
Bogotá	2.092 €
Berlín	2.508 €
Casablanca	2.208 €
Budapest	1.958 €
Buenos Aires	2.775 €
Chicago	3.575 €
Ras al-Khaimah	3.500 €
Dusseldorf	2.250 €
Estambul	2.125 €
Estocolmo	2.917 €
Galicia	1.400 €
Johannesburgo	2.225 €
Lima	2.167 €
Los Ángeles	3.817 €
México	2.533 €
Miami	3.575 €
Montevideo	2.667 €
Nueva York	4.042 €
Oslo	3.250 €
Pekín	2.958 €
Praga	2.233 €
Roma	2.341 €
Santiago de Chile	2.392 €
Sao Paulo	2.325 €
Tokio	3.317 €
Toronto	2.633 €
Zagreb	2.025 €

*Un mesmo destino pode acoller máis dun bolseiro/a.

**Dotacións mensuais brutas por destino, antes de retencións e excluídos os importes de gasto detallados no artigo 6.2 das bases